

Consonte ao disposto no apartado 3.21.2 da Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara una nova normalidade, a Secretaría Xeral para o Deporte ditou a Resolución do 15 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se aproba o protocolo Fisiocovid-DxTgalego polo que se establecen as medidas para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 no ámbito do deporte federado de Galicia.

No apartado segundo dispónse que cada federación deportiva galega elaborará o seu propio protocolo consonte o contido desta norma básica, atendendo ás súas modalidades e especialidades deportivas, e no apartado cuarto que as federacións deportivas galegas comunicarán á Secretaría Xeral para o Deporte os seus respectivos protocolos así como a persoa que asuma os labores da súa coordinación e seguimento.

A Federación Galega de Triatlón presenta á Secretaría Xeral para o Deporte a 3ª versión actualizada do protocolo para a práctica do Triatlón.

Roberto García Fernández, como xefe do Servizo de Deportes da Delegación Territorial da Coruña e coordinador do grupo de deportes ao aire libre,

CERTIFICA

Que o protocolo da Federación Galega de TRIATLON para a práctica do DEPORTE DE TRIATLON se adecúa ao disposto no protocolo Fisiocovid-DxTgalego polo que se establecen as medidas para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 no ámbito do deporte federado de Galicia.

A Coruña

O xefe do Servizo de Deportes da Coruña

[asinado dixitalmente]

Roberto García Fernández

